

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DIA 18 DE OUTUBRO DO 2005.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaoito de Outubro de dous mil cinco; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 10 de Outubro (Ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-**

**CONDICIONES URBANISTICAS.-**

Visto o escrito de Don José Morillo Moreno, vecino desta Vila, con domicilio na Estación de Renfe, Bloque 3, nº 12, no que interesa informe urbanístico aplicables a un inmovible sito na estrada N-120, P.K. 594,00 M.I., Parcela 28, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polo Sr. Aparellador Municipal que di:

**"NORMATIVA URBANISTICA.-**

A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991. A ubicación corresponde a SOLO URBANO DE NÚCLEOS RURAIS, ordenanza 4.11 reguladora deste solo. Este ordenamento supeditase a "Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, así como disposicións

concorrentes.

**CONDICIONS URBANISTICAS.-**

1. A parcela número 28 do Polígono 32, está ubicada en Ventosela, pertencente ao Núcleo Rural 6/3 VENTOSELA.

- a. Na parcela existe unha vivenda unifamiliar de planta baixa sinalada con número 12, e en estado ruinoso.
- b. Calquera posible actuación sobre a vivenda existente deberase analizar respecto ao previsto no Artg. 103 e 104 da LOUGA.
- c. No seu frontal a parcela de referencia ten un muro de formigón pertencente á N-120.
- d. Constan Condicións fixadas por o Ministerio de Fomento no Expediente 2003/329, onde fixa as condicións por a súa ubicación respecto á N-120, Pk-594,500 M.I.

2. As condicións urbanísticas xenerais supéditanse ao Informe do Ministerio de Fomento.

- a. Son de aplicación os Artg. 24 e seguintes da LOUGA.
- b. As posibles actuacións que se tipifican no Artg. 24 da LOUGA, xustificaranse no seu correspondente proxecto técnico.

**DOCUMENTACION QUE SE ADXUNTA.-**

- a. Art. 24 e seguintes da LOUGA.
- b. Plano N.R. E 1: 5000 NNSSM
- c. Plano Clases de Solo E 1: 10.000, NNSSM.
- d. Plano Catastral."

Visto o escrito presentado por Don Luis Alvarez Iglesias, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Yañez nº 21, 2º esquerda, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito presentado por Don José Germán Martínez Pousa, veciño desta Vila, con domicilio na avda de Redondela

nº 23, 2ºC, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito presentado por Don Luis Alvarez de Sousa, veciño desta Vila, con domicilio na avda de Redondela nº 23, 1ªA, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito presentado por Don Rubén Blanco Amil, veciño desta Vila, con domicilio na avda de Redondela nº 26, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito presentado por Don Maximino Fernández Pérez, veciño desta Vila, con domicilio na avda de Redondela nº 23, 5ºE, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á

empresa concesionaria do servico.

Visto o escrito presentado por Don Mario Formigo González, veciño desta Vila, con domicilio na Quinza nº 32, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concede-lo dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servico; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servico.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento dos seguintes:

Da Deputación Provincial de Ourense (3), comunicando alta no servico de Teleasistencia domiciliaria de Dona Rosa González López e baixas de Dona Concepción Otero Rodríguez e Dona Maria Cortizo Borrajo.

Da Dirección Xeral de Urbanismo, Resolución de data 7 de outubro pasado, ordenando a paralización da actividade de momentos de terra e de construción de muros de contención promovidas por Don Nemesio Fernández Soto no lugar do Paraviñao, Franquerian e se incoa expediente de reposición da legalidade.

Da Conselleria de Educación e Ordenación Universitaria, Orde do 26 de setembro pola que se prorroga a autorización a conservatorios de música de titularidade municipal para impartir con carácter provisional durante o ano 2005-2006, os graos elemental e/ou medio de ensinanza de música establecidas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

De Aqualia, resultados dos análise de mostras de auga para o consumo público, correspondente os meses de Xullo, Agosto e Setembro 2005 e resultados dos análise da E.D.A.R. de Francelos, meses de Agosto e Setembro 2005..

Dáse conta do escrito do Xulgado do Contencioso-administrativo número dous de Ourense, de 4 de outubro de 2005, polo que se comunica ao Concello que no Xulgado séguese recurso contencioso-administrativo núm. 274/05C, a instancia de María del Pilar Cuññas Lorenzo, contra o acordo do Concello de Ribadavia de data 5 de setembro de 2005, desestimatorio do

recurso de reposición interposto contra a precedente resolución de data 11 de xullo de 2005 pola que se denegaba licenza de parcelación. No escrito requírese a remisión do expediente administrativo, con todos os requisitos e apercibimentos que establece o artigo 48 da Lei de Xurisdición contencioso-administrativa, dentro do prazo de vinte días, debéndose notificar nos cinco días seguintes a resolución pola que se acorda remitir o expediente, previamente a súa remisión, a cantos aparezan como interesados nel, empraéndolos para que poidan persoarse como demandados ante dito Xulgado no prazo de nove días, con remisión das xustificacións dos empraementos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, dáse por enterada, e acorda:

Primeiro.- Remitir o expediente administrativo ao Xulgado completo, foliado, debidamente dilixenciado e cun índice comprensivo dos seus documentos.

Segundo.- Empraer a cantos aparezan como interesados co fin de que poidan persoarse como demandados.

Terceiro.- Nomear como avogado para dita causa a don Angel Pazos Huete."

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a Certificación nº 1 da obra denominada "Recuperación do Casco Histórico de Ribadavia. Infraestructuras Xerais. Rúa Alcalde Meruendano/rúa Garcia Penedo", por importe de 7.271,04 euros. Así mesmo acordase remitir a devandita certificación o Instituto Galego de Vivenda e Solo os efectos do seu aboamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 8/05, por importe de 7.100,70 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta a súa aprobación ó listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 3º trimestre do 2005, por importe de 38.870,13 euros, tarifa de depuración por importe de 7.478,95 euros, máis 3.251,39 euros de IVE, resultando un total de 49.600,47 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-lo listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ó 3º trimestre do 2005, por importe de 14.939,84 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 14.266,80 euros.- Acorda tamén a Xunta de Goberno Local sinalar coma período de cobranza voluntario dos servizos anteriormente referidos entre os días 1 de Novembro

ó 30 de Novembro do 2005.

Examinado o expediente incoado para concertar unha operación de tesourería e achado conforme, en harmonía co informe da Intervención e vistos os artigos 52 e 53 da Lei Reguladora das Facendas locais 39/1988, de 28 de decembro, segundo a redacción dada polo artigo 139, parágrafos 3 e 4 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, e Lei 55/1999, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, de conformidade co acordo plenario de 30 de xuño de 2003, polo que se delega a competencia da contratación de operacións de tesourería na Xunta de Goberno Local cando, pola súa cuantía, excedan dos límites de competencia da Alcaldía-Presidencia, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta da Alcaldía obrante no expediente, por unanimidade acorda o seguinte:

#### A C O R D O

Concertar coa Entidade Financiera : Banco de Santander Central Hispano SA. Red Santander -Ribadavia, un crédito para cubrir desfases transitorios de tesourería por importe de 497.681,55 euros, coas seguintes características.

a) Tipo de interés: Variable: Euribor a 3 meses sen redondeo + 0,40%.

b) Comisión de apertura: 0%.

c) Comisión de non disponibilidad: 0%.

d) Prazo: Un ano.

e) Recursos afectados como garantía: A totalidade dos recursos do Concello de carácter ordinario non comprometidos por outras operacións de préstamo ou crédito, nos termos do artigo 50 da Lei de Facendas locais.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

